MUSEOS CIENTÍFICOS DA CORUÑA

O día 25 de Marzo fomos de excursión á Coruña a visitar os museos científicos: O Acuario Finisterrae, A Casa das Ciencias e A Casa do Home.
Primeiro fomos ao acuario. Dividíronnos en dous grupos. Ao primeiro grupo explicáronlle como sería o mar no futuro a consecuencia do cambio climático e participou en diversos xogos. O segundo grupo coñeceu os ecosistemas mariños e participou nun xogo que consistía en adiviñar a localización de ósos de balea.
Ao final todos os grupos visitaron ao tiburón Gastón na sala Nautilus, onde había moitas especies de peixes e tamén unha quenlla que é moi difícil de distinguir, moi parecida á raia e que é unha experta no camuflaxe. A sala estaba decorada como o submarino do Capitán Nemo (Vinte mil leguas de viaxe submarino).
Despois, fomos visitar a Casa das Ciencias. No planetario vimos unha proxección sobre a astronomía moi interesante na que se relacionaban cadros famosos coas constelacións. Baixamos a outros andares e probamos moitos xogos sobre física; observamos o nacemento dun pitiño e ollamos un gran péndulo (Péndulo de Facoult).Non quixemos marchar ata que caeron dúas barras e vaia aplauso que botamos! Sacamos moitas fotos a todos os inventos e disfrutamos moito con eles; había dende espellos modificadores de luz ata sinxelos bambáns.
Logo, comemos no parque de Santa Margarida. Cando rematamos, visitamos A Casa do Home. Alí vimos unha película en 3D sobre os avións e o seu deseño e funcionamento. Tamén había esculturas representando o ADN humano e xogos relacionados co tema. Deixáronnos explorar libremente o segundo andar onde había unha pista de fútbol, unha cinta de correr e unha pantalla táctil para pintar. Tamén había xogos relacionados coa ilusión óptica.
Na viaxe de volta, aínda que regresamos moi cansos, divertímonos moito e escoitamos música.

Disfrutamos moito desta viaxe!!!

Os nen@s de 5ºC seguimos traballando o Obradoiro de Expresión escrita e esta vez traballamos cos Palíndromos e Tautogramas.

5ºC

PALÍNDROMOS

Os Palíndromos son textos que se len igual de dereita a esquerda que de esquerda a dereita. Aquí tedes algúns moi graciosos:

Salta o Atlas.
Anita atina.
A torre da derrota.
E acaso Rosa cae?
Na man.
O timón, o mito.
Acude e educa.

Ana lava lana.
Álex e Xela.
A torre da derrota.
Adán nada.
Atar a rata.
Adán non nada.

Isaac Noya Vázquez

Eu que?
A saca da casa.
O rato no tarro,
O sapo, o paso.

Na man.
O dedo.
a rosa,
o raro.

Sergio Quintana Pereiro

TAUTOGRAMAS

Os tautogramas son textos que comparten inicial. Se te fixas, o primeiro comparte a vogal E e o segundo a consoante C.

Compartindo E:

Estaba encerrado en este establo.
Esta es energía explosiva.
Estoy esperando el eclipse.
Encima estaba el elefante enjoyado engañando enmascarado
Ese es el emperador,
En ese entierro estaba él.
En el Este estaba el enemigo.
Estaba escribiendo el enigma.

Jaime Sebe Becerra

Compartindo C:

Carlos camiñaba canso, camiñaba cunha cantimplora.
Carolina corría con Carmen.
Corrían coma cabalos!!!
Carlota comía callos canda Cayetana
Carla cociñaba caldo cun cazo.
Celia cosía camisetas con Concha.
Carlitos comprou: cebolas, cabacín, caquis, carne...
Colorea cada cadro con cores, con coidado!!!

Tom Willense